

ACHEGAMENTO Á ONOMÁSTICA NA NARRATIVA GALEGA DE ÁLVARO CUNQUEIRO

María Xesús Nogueira Pereira

Facultade de Humanidades de Lugo. Universidade de Santiago de Compostela

Aínda que son numerosos os traballos que se ocuparon da lingua literaria do autor de Mondoñedo¹, non foi a onomástica unha cuestión que xerara abondosos estudos. Este dato contrasta coa grande riqueza do repertorio onomástico cunqueiriano, reflexo dunha faceta máis da súa desbordante imaxinación, así como das engrenaxes do motor inesgotable da súa poética ó que, en máis dunha ocasión, chamou “memoria deformante²”.

Este feito semella estar en relación coa escasa atención recibida, dentro da propia lingüística, pola onomástica literaria³. No caso que agora nos ocupa, fôra do estudio pioneiro de Christian Ionescu⁴, tan só contamos con referencias parciais ó tema.

A extensión do obxecto de estudio fixo obrigada unha restricción das lindes do meu achegamento á cuestión da antroponimia ó corpus da narrativa galega do escritor de mindoniense⁵. En ningún momento pretendín elaborar un estudio exhaustivo da cuestión, como tampouco levar a cabo un traballo de carácter estatístico. O meu obxectivo foi reflexionar sobre algúns aspectos concretos do traballo do escritor na elaboración do seu propio inventario antroponímico.

¹ Para unha caracterización xeral da lingua cunqueiriana *vid.* fundamentalmente Álvarez Blanco, 1982; Blanco, 1993; Fernández Rei, 1982; García González, 1991, Hermida, 1993 e Varela, 1993.

² O escritor explicaba así esta dimensión da súa poética: “Eu teño unha memoria deformante, é decir, se eu leo agora un texto que me sorprende dalgún xeito, cando o recordo dentro dalgún tempo, sinto a invencible necesidade de perfeccionalo, de facelo máis expresivo ou significativo” (Risco / Soldevila, 1989: 107). Non debemos esquecer este razoamento á hora de achegármolos á cuestión da antroponimia.

³ *Cfr.* Ariza, 1981; García Gondar, 1995; Instituto da Lingua Galega, 1996.

⁴ Ionescu, 1993.

⁵ *Merlín e familia* (1955), *As crónicas do sochantre* (1956), *Escola de menciñeiros* (1960), *Si o vello Sinbad volveuse ás illas* (1961), *Xente de aquí e de acolá* (1971) e *Os ouros feirantes* (1979). En todos os casos empregamos a edición da Obra en Galego Completa, vols. III e IV, *Narrativa e Semblanzas*, Vigo, Galaxia, 1982 e 1983, respectivamente.

O estudio foi elaborado sobre unha base de datos na que recollín os cerca de mil antroponimos que están presentes no corpus mencionado. Nela incluíñ información estruturada en campos diversos, como a lingua na que supostamente se expresa o antroponimo, as características das fórmulas, os datos sobre os personaxes ós que corresponden, o discurso metaonomástico, etc. O aquí exposto non é outra cousa que uns primeiros resultados dun estudio cunhas fronteiras infindamente máis amplas.

A riqueza onomástica da obra cunqueiriana foi recoñecida polo profesor Ionescu cando, a propósito das dificultades de tradución destes textos a outras linguas, afirma que

la abundancia de nombres, junto a la pluralidad de formas utilizadas y la reiteración onomástica representa una característica sistemática del texto cunqueiriano⁶.

Tal riqueza é unha das consecuencias máis notables da confluencia no texto de mundos heteroxéneos⁷. A isto cómpre engadir aínda dúas cuestións. Por unha banda, a estrutura en pequenas unidades que comparte a totalidade da produción literaria do mindoniense. Por outra, a dimensión humana da súa obra, explicada polo escritor en máis dunha ocasión⁸.

No que respecta ó repertorio de nomes, cómpre distinguir entre aqueles que teñen correspondencia cun inventario real e os que son froito da creatividade do escritor. Estes últimos presentan un grande interese para a estilística da lingua, pois permítennos descubrir os procedementos dos que o autor bota man para o seu traballo lingüístico e creador.

A SELECCIÓN ANTROPONÍMICA. A CUESTIÓN DO XÉNERO

Resulta obvio afirmar que a temática dunha obra condiciona a selección antroponímica dos seus personaxes, así como a súa onomástica en xeral. Se nos centramos no noso obxecto de estudio, tal afirmación supón recoñecermos *a priori* a existencia dun microcorpus antroponímico diferenciado dentro da narrativa galega do escritor. Refirome a aquel formado polas tres obras de narrativa curta, *Escola de menciñeiros* (1960), *Xente de aquí e de acolá* (1971) e *Os outros feirantes* (1979). Tal especificidade no que respecta á antroponimia, que xa foi posta de manifesto por C. Ionescu⁹, responde, ó meu xuízo, a

⁶ Ionescu, 1993: 15.

⁷ A. Tarrío fala dun mesturado mundo “artúrico-arábigo-mediterráneo-galego” (cfr: Tarrío, 1994: 312). A propósito da heteroxeneidade da onomástica do autor, C. Ionescu explica: “El inventario antroponímico es heterogéneo en cuanto a la procedencia de sus componentes, puesto que, aparte del grupo numericamente dominante de nombres gallegos comprende muchos elementos pertenecientes a la onomástica latina, castellana, catalana, francesa, italiana, alemana, inglesa, irlandesa, búlgara, árabe, turca, indú, china” (Ionescu, 1993: 20).

⁸ O mindoniense concibiu o traballo do escritor como o oficio de “contar a totalidade humán, que il pola sua parte ten a obriga de alimentara con novas miradas” (Cunqueiro, 1963: 184).

⁹ Ionescu, 1993.

un proxecto poético particular, desenvolvido a partir do ano 60 polo escritor de Mondoñedo, que cristalizou nas obras máis arriba citadas¹⁰. Neste sentido, podemos establecer unha primeira división no que se refire á antroponimia da narrativa cunqueiriana, que responde fundamentalmente a unha cuestión xenérica:

a) Antroponimia da narrativa curta

O autor recorre habitualmente a un sistema antroponímico galego, a non ser naqueles casos nos que se pretende marcar, por determinadas circunstancias, algún trazo do personaxe. Por outra banda, nestas obras desenvólvese un discurso metaonomástico particular.

É común ás obras que compoñen este microcorpus a presenza da fórmula onomástica¹¹ composta polo nome propio seguido dun sintagma preposicional con información relativa fundamentalmente á toponimia¹² –*Coxo de Entrebo (E.*¹³), *Lamego de Mouriz (F.)*– ou á familia –*Jovita de Andrés (F.)*, *Manuel do Areiro (X.)*–. Son tamén moi frecuentes as fórmulas compostas por substantivo + adxectivo, expresando este idade ou condición: *Reinaldo Novo (F.)*, *Puga Vello (X.)*, *Leiras Vello (X.)* ou *Pedro Bravo (F.)*. Menos frecuentes son neste tipo de narrativa as fórmulas do tipo *Manuel o Baito (X.)*.

b) Antroponimia da narrativa longa

O inventario de nomes nestes libros ten un carácter moito máis heteroxéneo, ó depender directamente dos eixes temáticos das distintas obras. Isto explica o feito de que sexa probablemente *Merlín e familia* a narración que presenta unha maior variedade no que respecta ós nomes dos personaxes, ó transcorrer a acción nas terras galegas de Miranda, lugar a onde acoden personaxes de diversos países na procura da axuda de don Merlín. Unha maior homoxeneidade presentan o *Si o vello Sinbad volvese ás illas* e *As crónicas do sochantre*. Na primeira das obras observamos un sistema onomástico coherente co ambiente oriental no que transcorre a acción, nutríndose para iso dun sistema onomástico arábigo, persa e chinés no que abundan os elementos que teñen a súa orixe na literatura, concretamente na obra *As mil e unha noites*. Polo que respecta ás *Crónicas*, a obra bota man dun sistema onomástico fundamentalmente francés, dada a súa ambientación nas terras bretonas.

En xeral, nestas obras hai un maior predominio de antropónimos alleos ó noso sistema onomástico, integrados por veces mediante curiosos procedementos que comentarei máis adiante.

¹⁰ “Hai, ó noso ver, entre os tres libros de retratos galegos unha relación abondo fundamentada como para falar dun verdadeiro proxecto de unidade, pormenorizadamente explicado polo escritor en diferentes momentos” (Nogueira, 1995: 180).

¹¹ Entendemos por fórmula “la expresión constituída por uno o máis nomes propios que, en una situación dada identifica sin posible ambigüedad un referente determinado (Ionescu, *op. cit.*: 24).

¹² *Cfr.* Ionescu, *op. cit.*: 24.

¹³ Nas referencias correspondentes ás obras de Cunqueiro empregamos o seguinte sistema de abreviaturas: *M.*, *Merlín e familia*; *C.*, *As crónicas do sochantre*; *E.*, *Escola de menciñeiros*; *S.*, *Si o vello Sinbad volvese ás illas*; *X.*, *Xente de aquí e de acolá*; *F.*, *Os outros feirantes*.

A pesar de que no conxunto da narrativa de Cunqueiro, especialmente a escrita en lingua galega, hai un constante exercicio de intertextualidade que se manifesta tamén no sistema onomástico, podemos afirmar que a narrativa longa supón, a respecto da triloxía de retratos, unha vontade de estender os mundos narrados máis alá da propia colectividade galega.

A FORMACIÓN DO SISTEMA ANTROPÓNIMICO CUNQUEIRIANO. NOTAS PARA UNHA CLASIFICACIÓN

Como se indicou máis arriba, non é a miña pretensión elaborar un traballo exhaustivo verbo da antroponimia da narrativa cunqueiriana. É por iso polo que a clasificación aquí proposta consiste máis ben nun primeiro intento de sistematización, que nos permita reflexionar sobre algunhas cuestións puntuais.

Aínda que unha parte da bibliografía sobre a narrativa do mindoniense prestou unha considerable atención ós personaxes, abordando ó tempo, e dunha maneira marxinal, a súa onomástica, foi o profesor Christian Ionescu quen elaborou unha primeira sistematización da cuestión. Partindo do corpus formado pola narrativa curta, considerou o inventario onomástico un elemento fundamental no carácter de unidade que estas tres obras posúen:

Sin duda ninguna, el sistema onomástico del autor mindoniense es un proyecto literario que aprovechando toda esta larga tradición se realiza por una compleja estrategia¹⁴.

Ionescu identificou un inventario antroponímico que responde á seguinte tipoloxía funcional: nome individual, apelido, sobrenome e sobrenome colectivo. No que se refire á motivación destes nomes, isto é, á intencionalidade coa que se empregan puntualmente no texto, contemplou unha primeira clasificación baseada na oposición *natural* / *cultural*, elaborando dentro desta última unha tipoloxía na que se estudia a integración e reutilización de nomes hipercodificados correspondentes a referencias culturais de diversa índole¹⁵.

Sen embargo, resulta máis interesante aínda, para un estudo conxunto da obra do mindoniense, a identificación que o profesor romanés realizou dun “discurso metaonomástico¹⁶”, que leva implícita unha reflexión sobre aqueles momentos nos que as distintas voces narrativas do texto cunqueiriano teorizan sobre o nome como signo. Penso que este enfoque supón unha importante achega a unha das cuestións que está no cerne da poética cunqueiriana, como é a capacidade discursiva sobre cuestións diversas do feito literario.

¹⁴ Ionescu, 1993: 33.

¹⁵ *Ibidem*.

¹⁶ “Una característica importante de la onomástica de los relatos es lo que llamamos discurso “metaonomástico”, o sea, la información proporcionada por la voz autorial y las numerosas voces narrativas e incluso personajes que muestran un constante y notable interés en varios aspectos de la denominación personal” (Ionescu, *op. cit.*: 17). Acerca da información que ofrece este discurso *vid. op. cit.*: 18-19.

Outra achega, ó meu entender importante, ó estudio da onomástica de Cunqueiro vén dada por unha análise das claves literarias da súa narrativa. Trátase da identificación, levada a cabo polo profesor Anxo Tarrío, dunha oposición fundamental que enfronta os termos “mítico” e “pragmático”¹⁷. Tal dualidade maniféstase a varios niveis dentro do texto. Polo que respecta á cuestión dos nomes, este enfrontamento reflíctese na existencia de dous tipos de personaxes, en relación coas coordenadas espacio-temporais: uns, os personaxes míticos, posúen onomástica de raizame mitolóxica e libresca, e desenvolven a súa actividade nuns ámbitos pechados, contaminados a miúdo por especial cerimoniaisidade e prestixio. Fronte a eles sitúanse uns personaxes “domésticos, é dicir, do plano pragmático ou máis achegados á realidade convencional cotiá”¹⁸, designados a miúdo por un sistema onomástico non marcado no sentido que acabamos de sinalar. O *Merlín* é a obra que Tarrío escolle para exemplificar esta dualidade, ó enfrontar personaxes “míticos” coma *Don Merlín* ou *Dona Ginebra* a outros como *Xosé do Cairo*, *Manoeliña de Calros* ou *Casilda*.

Tendo en conta estes dous estudos, de enfoque distinto aínda que, ó meu ver complementario, na descrición que expoño a seguir pretendín, antes que elaborar unha tipoloxía exhaustiva, identificar algúns procedementos que interveñen na elaboración do inventario antroponímico da narrativa cunqueiriana. Unha sistematización deste tipo hanos levar, sen dúbida, a unha reflexión sobre as verdadeiras dimensións da creatividade do escritor de Mondoñedo no seu traballo lingüístico.

Na selección do elenco de nomes que conflúen na narrativa galega de Cunqueiro interveñen, cando menos, os seguintes procedementos:

1. Recorrecia a nomes existentes no inventario colectivo galego

Este procedemento é, como se dixo, o máis frecuente nos tres libros de retratos, aínda que tamén ten a súa importancia nas obras de narrativa longa, especialmente no *Merlín*. O inventario selecciona, en xeral, nomes procedentes do sistema onomástico galego, algún deles moi estendido¹⁹: *Manuel (X.)*, *Manuela (F.)*, *María (X., F.)*, *Xosé (M., F.)*, *Xan (F.)*, *Antonio (E.)*, *Antón (G.)*, etc. Outras veces recórrese ás formas correspondentes do castelán, aínda que en boa parte destes casos isto supón unha vontade de diferenciar, por unha ou outra razón, o personaxe. A individualización a respecto da colectividade vén dada, en ocasións, pola súa orixe, como ocorre no caso do sarxento murciano *Jesualdo Fábregas (X.)*. Outras veces, a utilización do castelán está en relación cunha cuestión xerárquica, plasmándose así no texto o perfil dunha sociedade diglósica. Tal é o caso do avogado lucense *José Benito Pardo (X.)*. No relato “O paraugas Xacinto” establécese unha oposición entre as formas galega e castelá do nome do protagonista, reservada esta última para un discurso no que, imitando o rexistro legal, preténdese

¹⁷ Tarrío, 1989: 60 e ss.

¹⁸ *Ibidem*: 61.

¹⁹ *Cfr.* Ferro (coord.), 1992: 41 e ss.

unha identificación verdadeira do protagonista Xacinto, estrañamente engulido por un paraugas. No fragmento que segue apréciase claramente esta oposición:

Xacinto, drento do paraugas, berraba pola boca do puño. Acudiron a muller, os sogros e máis os cunhados.

–Son Xacintiño!, decíalle á muller.

–*¡Si eres Jacinto Onega Ribas casado con María García Verdes, da una prueba!*. (X.).

Con todo ser este o sistema que predomina nas obras da triloxía, é frecuente atopar antropónimos deste tipo nas obras de narrativa longa. Moitas veces, estamos diante de casos híbridos, nos que os nomes quedan falsamente integrados nun sistema onomástico mediante distintos procedementos, dos que cómpre salientar os que seguen:

a) As fórmulas de tratamento. É frecuente a combinación de fórmulas de tratamento do noso inventario con antropónimos alleos. Así, rexístranse casos como *Almirante Erquy* (C.), *Alteza Gamal Bardasí das Sospeitas* (S.), *Cabaleiro de Combourg* (C.), *Canichá de Persia* (S.), *Don Rossini* (C.), *Dona Tear* (M.), etc. Estas fórmulas cumpren unha función claramente integradora.

b) A traducción do nome que designa a un personaxe, sobre todo cando se trata do seu alcume. Ás veces procédese a unha simple substitución pola forma galega, como sucede co nome do personaxe bretón *Ana Eloisa* (C.). Outras, sen embargo, recórrese á traducción, resultando formas coma *Cangrexo de Ouro* (S.), *Congrio* (S.), *Dama Frol de Pexegueiro* (S.), etc.

c) A traducción do sobrenome ou do alcume, que dá lugar a formas híbridas, ás que xa noutro momento fixen alusión, como *Arfe o Vello* (S.), *Bruc o Roxo* (X.), *Crozón o Besgo* (C.), *Mamers o Coxo* (C.), etc.

No que respecta á formación de hipocorísticos, o inventario nútrese basicamente dos procedementos do sistema antroponímico galego, sobre todo da sufixación diminutiva, rexistrándose formas como *Antonciño* (X.), *Anxeliña* (F.), *Leiriñas* (X.), *Pepe* (E., X., F.), *Pepiño* (X., F.), *Xaniño* (E.), etc. De igual maneira que acontece cos nomes, tamén se recorre en ocasións ó sufixo diminutivo castelán, especialmente cando se quere engadir algún tipo de marca ó personaxe: *Rosendito* (X.), *Ramonita Verdes* (E.), *Chelito* (F.), etc.

Como é obvio, aqueles nomes que funcionan cun sentido semanticamente neutro, co significado de ‘individuo’, pertencen na súa maioría ó sistema onomástico galego: *Señor Antón* (E., X.), *Pedro* (F.), *Augenio* (E.), *José*, *Francisco* (E.), *Bras* (E.), *Vitoriano* (E.), *Xan* (F.), *Marica* (E.), *Fulana* (E.). Así, o personaxe do Ventureiro “chamaba á silla pólo seu nome, i a silla viña”:

–¿Cal nome?

–Fulana ou Marica ou o que fora (E.)

Antón de Leivas, pola súa banda, acordou ir ó menciñeiro de Liñares, Secundino, quen sempre lle comentaba que se adiantaba en dar as doencias de Xan ou Pedro aos millores médicos de Lugo (F.).

2. Inclusión de nomes que teñen a súa motivación en personaxes reais

É un lugar común afirmar que a narrativa de Cunqueiro se atopa a medio camiño entre os mundos ficticios e a realidade máis cotiá. Isto explica que no inventario onomástico aparezan cunha certa frecuencia nomes correspondentes a individuos cunha existencia real, pertencentes a momentos ben diferentes da historia. Moitos destes nomes corresponden a contemporáneos do propio autor, como é o caso dos escritores *Antonio Zozaya (X.)*, *Ramón del Valle Inclán (X.)* e *Leiras Pulpeiro (E.)*, *Raimundo de Miguel (X.)*, autor dun diccionario de latín, ou o avogado máis arriba citado, *José Benito Pardo*, *Pepe Benito (X.)*.

Un grupo particular de nomes fai referencia a personaxes reais que tiveron un especial protagonismo na biografía do mindoniense. Referímonos ó profesor *Cotarelo Mor (X.)*, *Serxio Moirón (E., X.)* –que alterna coa forma *Sergio (X.)*, *Xusto Moirón (E.)* e *Elisa (E.)* –parentes de Cunqueiro–, *Vicente Risco (F.)* ou *O Pallarego (E., X.²⁰)*. Dentro deste grupo debemos incluír tamén o nome do propio escritor, *Álvaro (X., F.)*, que se rexistra en varias ocasións²¹.

Outros nomes que englobamos dentro deste conxunto designan personaxes históricos de diferentes épocas. Normalmente, funcionan no texto a modo de referencias, e con frecuencia provocan bruscas anacronismos, recurso este do que o escritor botou man a miúdo. Moitos destes nomes fan referencia a personaxes da historia universal: *Pitágoras (X.)*, *Hitler (X.)*, *Marco Polo (S.)*, *Napoleón (F.)*, *De Gaulle (F.)*, *Hernán Cortés (X.)*, *Leonardo da Vinci (X.)*, etc. Dentro deste grupo, son frecuentes aqueles que designan personaxes da monarquía hispánica, como *Alfonso XIII (F.)*, *Jaime I (X.)*, *Isabel II (X.)*.

Cómpre destacar neste apartado, dada a súa curiosidade, a adaptación á lingua galega dalgúns nomes. Así, no caso de *Catalina dos Médicos (M.)* recórrase á tradución, pouco frecuente na tradición onomástica deste personaxe na nosa lingua, do apelido familiar italiano. Tamén resulta rechamante a tradución de Alejandro (Magno), que aparece mencionado simplemente como *Alexandre (S.)*. Noutro momento, faise referencia ó investigador Benjamin Franklin, remarcando a súa orixe mediante o seu sobrenome na fórmula *Franklin Americano (C.)*.

3. Inclusión de nomes tirados da tradición literaria

Finalmente, un bo número de antroponimos teñen a súa orixe na literatura. Trátase dun dos procedementos máis característicos da narrativa cunqueiriana, sobre o que moitas

²⁰ Para as cuestións relacionadas coa biografía de Cunqueiro *vid.* Armesto, 1991; Fernández del Riego, 1991; Nicolás, 1994. Tense insistido no feito de que unha boa parte dos antroponimos cunqueirianos teñen a súa orixe en personaxes reais das terras mindonienses, desfigurados mediante procesos diversos. A cuestión é complexa, pois levaríanos a un estudio minucioso de tales procedementos de deformación, non tendo, en ocasións, máis información que a memoria colectiva. R. Raimunde apunta este feito, sobre todo no que se refire ás obras de narrativa curta, aínda que, lamentablemente, non ofrece datos obxectivos nos que fundamentar o estudio (Raimunde, 1993).

²¹ A esta cuestión dediquei noutro lugar algunhas páxinas. *Vid.* Nogueira, en prensa.

veces teorizou o propio escritor. Cómpre reparar no feito de que tanto o *Sinbad* como o *Merlín* teñen como protagonistas principais dous personaxes da tradición literaria²².

Unha boa parte dos antropónimos con orixe na tradición literaria pertencen a un dos mundos que nutren unha boa parte da ficción cunqueiriana. Referímonos ó coñecido como materia da Bretaña, ó que pertencen antropónimos lendarios, a miúdo integrados dentro dun sistema onomástico máis próximo ó lector mediante a fórmula de tratamento, recurso que comentei máis arriba: *Don Merlín (M.)*, *Doña Ginebra (M.)* ou *Don Parsifal (M.)*.

Ó teatro, outro dos elementos cunha presenza fundamental na literatura de Cunqueiro, pertencen tamén algúns antropónimos de orixe libresca. As referencias onomásticas están tomadas fundamentalmente do teatro do seu admirado Shakespeare. Nótese tamén aquí o esforzo por integrar estes elementos dun sistema onomástico alleo mediante as fórmulas de tratamento: *Dona Ofelia (M.)*, *El Rei don Hamlet (M.)*, *Enrique IV (X.)*.

Outros nomes pertencen a sistemas onomásticos diversos, designando personaxes das literaturas cabaleiresca –*Don Amadís (M.)*, *doña Oriana (M.)*–, oriental –*Sinbad*–, clásica –*Don Ulises de Itaca (S.)*–, e outras *Ashavero*, *O Xudeo Errante (C.)*, *Tristán (M., F.)*, *Isolda (F.)*, *Don Quijote (M.)*, etc.

Tense falado en ocasións da dimensión metaliteraria –metaonomástica, neste caso– da narrativa de Cunqueiro. O procedemento, consistente na introducción, a través das voces narrativas confluíntes no texto, de reflexións sobre diversos aspectos da propia poética, ilustra tamén o recurso do que acabo de falar. Así, acerca do personaxe de *Madame Clarina de Saint Vaast (C.)*, podemos ler o que segue:

Tiñanme posto o nome de Clarina, porque miña nai lera unha novela na que había unha señora namorada deste mesmo nome, durante a súa preñez, e todos concordaron que da novela pasaron aos meus ollos as verdes cores daquela doña Clarina [...] (C.).

Un estudio á parte merecerían os nomes que teñen a súa orixe inmediata na relixión: nomes de deuses –*Xehová (F.)*, *Señor Alá (X.)*–, personaxes bíblicos –*Adán (X.)*, *Eva (X.)*–, coránicos –*Mahoma (F.)*–, e sobre todo os nomes dos santos. As limitacións deste traballo obríganme a prescindir do seu tratamento.

3. Nomes pertencentes a outros sistemas onomásticos

A presenza destes elementos é, como dixemos, moito máis notable nas obras e narrativa longa. Con todo é considerable o número de nomes alleos ó noso sistema onomástico na narrativa de Cunqueiro²³.

Non pretendo neste lugar aportar datos estatísticos que determinen a importancia das distintas linguas na conformación do sistema onomástico cunqueiriano. Limitareime a sinalar a preponderancia dos sistemas onomásticos orientais, francés, inglés e italiano.

²² Estes antropónimos están presentes nos respectivos títulos das obras. O recurso é frecuente tamén na súa narrativa escrita en castelán. Repárese nos títulos *Las mocedades de Ulises* e *Un hombre que se parecía a Orestes*.

²³ Isto pódese confrontar co que ocorre no léxico. E. Montero rastrexou a presenza de estranxeirismos na obra galega de Cunqueiro (Montero Cartelle, 1993: 111-112).

Se consideramos a narrativa de Cunqueiro partícipe dunha poética realista²⁴, debemos entender unha boa parte destes elementos como estratexias mediante as que o narrador procura, por parte do receptor, a súa credibilidade diante do que lle está a contar. En todo caso, parece claro que a función máis xenérica destes antropónimos é manter a coherencia narrativa do discurso. É por iso polo que me parece especialmente interesante o tratamento que reciben tales nomes, sobre todo naqueles casos nos que non teñen correspondencia con ningún inventario real, senón que son froito da creatividade do autor. Na miña opinión, é este un dos momentos que revelan todo o potencial creativo do autor de Mondoñedo.

Dos procedementos empregados, considero de interese os que seguen:

1) *A procura do tópic*

En numerosas ocasións, o criterio que semella estar detrás da selección de nomes non pertencentes ó noso inventario é o de facer doado o seu recoñecemento. Deste xeito, recórrase a nomes cunha grande extensión dentro dunha lingua, que permiten unha rápida identificación, funcionando mesmo na conciencia colectiva a modo de tópicos. Referímonos a formas coma *François (M.)* ou *Pierre (C.)* –do francés–, *Giuseppe (C.)*, *Nettuno (C.)* e *César Valentino (C.)* –do italiano–, *Esmeraldino da Cámara Mello de Lima*, *Vizconde de Ribeirinha (M.)* –do portugués–, *Cristóforos (M.)* e *Teotikes Papadopolus (S.)* –do grego–, *Li (F.)* –do chinés²⁵–, etc.

Neste senso é importante recoñecer a función das fórmulas de tratamento, ó constituíren por veces sintagmas mediante os que doadamente se pode recoñecer a pertenza a un sistema onomástico concreto. Reparemos en casos coma o de *Excelencia Novás (M.)* –portugués–, *Signorina Carla (M.)* –italiano–, *Monsieur Labaule (C.)* e *Demoiselle de Toul-Goulic (C.)* –francés–.

2) *Os xentilicios*

Outras veces, observamos un esforzo por parte do autor por facer doada a descodificación –e conseguinte identificación no inventario onomástico correspondente– dunha determinada fórmula. Tal esforzo materialízase na inclusión dun xentilicio que actúa como sobrenome, esclarecendo a orixe da base á que modifica. Así ocorre coas fórmulas *Julián el Charro (M.)* e *Don Jovito Bejarano (M.)*, *Boris de Bulgaria (X.)*, *Federico Sicilián (S.)*, *Eliás Hebreo (C.)*, *Don Gabir Árábigo (M.)* e o xa mencionado caso de *Mister Franklin Americano (C.)*.

3) *As adaptacións*

Un recurso frecuente no tratamento dos antropónimos estranxeiros, ó que xa se fixo alusión máis arriba, é o da adaptación ós esquemas da lingua galega. Así ocorre en casos coma o do *Duque de Lancastre (M.)* –Lancaster– ou o xa comentado de *Catalina dos Mé-*

²⁴ Cfr. Tarrío, 1989: 33 e ss.

²⁵ Repárese na ortografía de nomes como *François*, *Giuseppe* ou *Ribeirinha* (cursivas miñas).

dicos (M.) –Medici–. Outro caso de adaptación atopámolo no personaxe de Gafaloniero, que aparece na peza “Romeo e Xulieta, famosos namorados”, incluída nas *Crónicas do sochantre*. Este procedemento aplícase tamén ás fórmulas de tratamento, atopando expresións do tipo *Mestre Flute (M.)* –Mister– ou o *Soldán de Melinde (S.)* –Sultán–.

4) *As imitacións*

En ocasións, os nomes incluídos no inventario son un produto da ficción cunqueiriana. Nestes casos recórrase habitualmente á técnica da imitación, tanto da estrutura fónica como da ortografía da lingua en cuestión.

Ben imaxinativo resulta o procedemento mediante o que o nome do escritor adopta, mantendo os caracteres latinos e bases léxicas da lingua galega, unha forma pseudoárabe como *AlFaris ibn Iaquim AlGaliz (S.)*, isto é, Álvaro o fillo de Joaquín (pai de Cunqueiro) o Galego²⁶. Un procedemento semellante está presente no nome completo do cego Abdalá: *Abdalá ibn Ismael AlMalaquí (S.)*.

Noutros casos son a imitación da estrutura fónica dunha lingua, e a combinación dos seus elementos, as ferramentas das que Cunqueiro bota man á hora da construción dos seus antropónimos. Pensemos en exemplos como *AlGari (S.)*, *Al-Malaik (S.)*, *Al Jach Malilcú (S.)* ou o *Mandarín Tufú (S.)*.

5. *O significado*

Con certa frecuencia, os nomes pertencentes a inventarios onomásticos alleos, son substantivos cun significado doadamente identificable para un lector con coñecementos básicos da lingua en cuestión. Por outra banda, cómpre reparar na relación deste contido semántico coa caracterización do personaxe, pois moitas veces podemos descubrir trazos de ironía na escolla deste inventario.

Esta intencionalidade pode observarse en moitos dos nomes integrados no sistema onomástico inglés, como *Lady Spindle (M.)* –‘fuso’–, *Lord Sweet (M.)* –‘doce’–, *Lady Fog (M.)* –‘néboa’–, *Mister Francis Gallows (M.)* –‘forca’–. Lembremos o oficio de frautista de cámara do *Mestre Flute (M.)* –‘fruta’–, ou a fragilidade de *Lady Tear (M.)* –‘bágoa’–.

Outras veces, algún dos elementos da fórmula antroponímica achega información relacionada coa caracterización do personaxe. Así ocorre, por exemplo co apelido castelán no *Señorito de Humoso (M.)*. Mediante este procedemento tamén se resalta a coraxe do *Coronel Gastón de Febus de Sauvages (C.)*.

Un procedemento máis curioso é o que está presente na denominación de *Don Omega (M.)*, “reloxeiro maior de Suíza”. Neste caso, emprégase unha firma comercial abondo lexicalizada como fórmula antroponímica. Hai, por tanto, unha transposición semántica, dun obxecto inanimado a un personaxe, dos trazos que designan prestixio e nacionalidade.

Noutras ocasións a fórmula introdúcese nun inventario recoñecible para o lector mediante a tradución (ou suposta tradución) dun dos elementos da mesma, normalmente o

²⁶ *Vid.* novamente Nogueira, en prensa.

sobrenome ou alcume. Isto dá lugar a curiosas fórmulas cun carácter híbrido, do tipo *Ruz o Mouro (S.)*, *Firadusi das Roseiras (M.)*, procedemento que xa foi comentado máis arriba.

Un caso paradigmático, e mesmo ilustrativo dos antropónimos que acabamos de comentar é o constituído pola fórmula *Felices Pascuas (X.)*. A confusión xerada pola ambigüidade do sintagma que constitúe a fórmula é un dos temas centrais do relato. O narrador principal ofrece, como tantas veces ocorre no texto cunqueiriano, unha explicación acerca da orixe do nome do personaxe, presentado no título como *Pascuas de Lurres*:

Non se non sabe si a broma foi do pai, o señor Arximiro, ou do padriño, don Pedro Pardo –que asegún il viña en liña dereita do Mariscal, seu homónimo, degolado na praça de Mondoñedo–. Ao neno puxéronlle de nome Felices, e como se apelidaba Pascuas García, quedou en Felices Pascuas García (X.).

Por unha banda, podemos apreciar como a preocupación pola orixe do nome non só afecta á voz narrativa, senón que é tamén compartida polos personaxes. O caso que agora nos ocupa non está exento de humor, pois é a coincidencia cun nome e un apelido, por outra banda dunha grande frecuencia, o que lle serve para reivindicar o seu parentesco cun personaxe de prestixio como é o Mariscal Pardo de Cela. Mais o que verdadeiramente nos interesa aquí é o feito de que o significado do sintagma que constitúe a fórmula onomástica do protagonista condiciona o desenvolvemento posterior do relato. Así, “Pascuas de Lurres andivo toda a vida amolado coa broma de Felices Pascuas” (p. 127). A cuestión onomástica desempeña, por tanto, unha función nuclear no relato.

CONCLUSIÓNS. O DISCURSO SOBRE O NOME

A heteroxeneidade dos mundos de ficción do escritor de Mondoñedo ten o seu reflexo na rica antroponimia deste corpus narrativo. Dentro del, individualízanse as tres obras de narrativa curta, nas que se aprecia unha especial coherencia na selección e tratamento do sistema antroponímico.

En toda a narrativa cunqueiriana, e, de maneira especial, nos seus tres libros de retratos, predomina un sistema onomástico que ten a súa correspondencia no inventario real galego. A historia, e en especial os seus protagonistas lendarios, así coma a literatura, son dúas fontes de importancia na onomástica literaria de Cunqueiro.

O escritor exhibiu ó longo das súas páxinas un exercicio constante da imaxinación. O fabulador deixou no inventario onomástico unha boa pegada da súa creatividade, segundo podemos rastrexar tanto na selección como no tratamento dos nomes que compoñen o seu inventario.

Por outra banda, o nome ten un lugar destacado na narrativa cunqueiriana. Ademais da presenza dun discurso onomástico en toda súa obra, a cuestión ocupa en ocasións o centro da diéxese, actuando a miúdo como desencadeante da acción. Así ocorre en relatos coma

o xa mencionado “Pascuas de Lurres”. Tamén “Tristán García” ou “Os do capitán de Lousada” exemplifican perfectamente esta dimensión do texto cunqueiriano. O protagonista do primeiro deles, Tristán²⁷, semella estar determinado polo seu nome a procurar unha Isolda por muller, “segundo lera nunha famosa novela”. O relato resólvese ó descubrir que a Isolda que el atopara –logo de saber que unha muller dese nome vivía en Venta de Baños– era unha velliña vendedora de churros. A confusión entre o status da realidade e o da imaxinación, derivado neste caso das resonancias literarias do seu nome, mantense ata o final, como se pode comprobar na resposta que Isolda dá a Tristán:

–¡Tristán!, ¡Tristán querido!, puido decir ao fin. ¡Toda a miña mocidade agardando a conocer un mozo que se chamase Tristán! ¡E como non viña, caseime cun tal Ismael, que era de Madrid! (F.).

Esta idealización baseada nunha interpretación particular do antropónimo é tamén o elemento central de “Os do Capitán de Lousada”, quen, sen coñecer a orixe do seu alcume, propóñense facelo realidade no seu malogrado fillo. Tamén neste caso se mantén a confusión ata o final, como se pode apreciar nas palabras coas que o pai consola á nai pola morte do rapaz:

–¡Cala, miña Ermitas, cala! ¡Ao millor, cando chegue ao ceo, xa están todos formados! (F.).

Outra manifestación do interese cunqueiriano pola antroponimia da súa literatura é a inclusión no *Merlín* e nas *Crónicas* de senllos índices onomásticos²⁸. Estes textos, que cumpren ademais unha importante función narrativa, ofrecen os datos máis relevantes dos distintos personaxes –entre eles, case sempre a súa orixe–, recollendo ademais a súa fórmula de tratamento.

O antropónimo ocupa, por tanto, un lugar de importancia na narrativa de Cunqueiro. O pouso de innúmeras lecturas e a súa desbordante imaxinación, que transgrede as regras do espazo e do tempo, contribuíron á formación dun inventario antroponímico dunha grande riqueza, onde se mesturan tradicións culturais ben diferentes. O nome alcanza por veces un valor sagrado, e por iso Lamas Vello, o menciñeiro de Santalla de Oscos, pensaba que “tódalas doencias teñen un nome humán, que os médicos non saben; os médicos sábenlles ás doencias en xeneral un nome centífico, e por iso precisan dunha cencia pra curar, con menciñas científicas” (E.).

²⁷ Cómpre reparar no contraste entre un nome de claras connotacións literarias (Tristán) cun apelido dunha grande extensión no noso sistema (García). A existencia de dous status, o mítico e o cotián, representados respectivamente no nome e no apelido, está xa presente no título. Para un comentario máis pormenorizado deste relato *Vid.* Nogueira, 1993: 72-76.

²⁸ Polo que respecta á narrativa castelá, inclúen un índice onomástico *Las mocedades de Ulises, Un hombre que se parecía a Orestes, e Vida y fugas de Fanto Fantini della Gherardesca*, así como *Cuando el viejo Sinbad vuelva a las islas*, traducción de *Si o vello Sinbad volvese ás illas*, realizada polo propio escritor.

- Álvarez Blanco, R. (1982): “O pronomes persoal”, en VV. AA., *Homenaxe a Álvaro Cunqueiro*, Santiago de Compostela, Facultade de Filoloxía, Universidade de Santiago de Compostela, pp. 246-266.
- Ariza, M. (1981): *Intento de bibliografía de la onomástica hispánica*, Cáceres.
- Armesto Faginas, X. F. (1991): *Cunqueiro: unha biografía*, Vigo, Edicións Xerais de Galicia.
- Blanco, L. (1993): “Algunhas particularidades das palabras compostas na obra de Álvaro Cunqueiro”, in *Congreso Álvaro Cunqueiro*, Santiago de Compostela: Xunta de Galicia, pp. 123-137.
- Cunqueiro, A. (1963): “Imaxinación e creación –notas pra unha conferencia”, *Grial* 2, pp. 170-184,
- Fernández del Riego, F. (1991): *Álvaro Cunqueiro e o seu mundo*, Vigo, Ir Indo.
- Fernández Rei, F. (1982): “Anotacións ó léxico de Álvaro Cunqueiro”, en VV. AA., *Homenaxe a Álvaro Cunqueiro*, Santiago de Compostela, Facultade de Filoloxía, Universidade de Santiago de Compostela, pp. 341-384.
- Ferro Ruibal, X. (coord.) (1992): *Diccionario dos nomes galegos*, Vigo, Ir Indo.
- García Gondar, F. (coord.) (1995): *Repertorio bibliográfico da lingüística galega. Desde os seus inicios ata 1994 inclusive*, Santiago de Compostela, Centro de Investigación Lingüísticas e Literarias Ramón Piñeiro.
- García González, C. (1991): *Contribución ó léxico de Álvaro Cunqueiro*, A Coruña, Seminario de Lexicografía, Real Academia Galega.
- González González, M. (1982): “Anotacións á morfoloxía de Cunqueiro”, en VV. AA., *Homenaxe a Álvaro Cunqueiro*, Santiago de Compostela, Facultade de Filoloxía, Universidade de Santiago de Compostela, pp. 187-245.
- Hermida, C., (1993): “O influxo dialectal na obra de Álvaro Cunqueiro”, en *Congreso Álvaro Cunqueiro*, Santiago de Compostela: Xunta de Galicia, pp. 35-60.
- Instituto da Lingua Galega (1996): *Guía bibliográfica de lingüística galega*, Vigo, Edicións Xerais de Galicia.
- Ionescu, C. (1993): “La onomástica en Cunqueiro. Antroponimia de los relatos cortos”, en *Congreso Álvaro Cunqueiro*, Santiago de Compostela: Xunta de Galicia, pp. 15-33.
- Montero Cartelle, E. (1996): Intervención na mesa redonda “Cunqueiro ante a lingua”, en *Congreso Álvaro Cunqueiro*, Santiago de Compostela: Xunta de Galicia, pp. 111-122.
- Nicolás, R. (1994): *Entrevistas con Álvaro Cunqueiro*, Vigo, Nigra.
- Nogueira, M. X. (1993): *Os outros feirantes. Álvaro Cunqueiro*, Santiago de Compostela, Sotelo Blanco.
- (1995): *A narrativa curta de Cunqueiro: un proxecto de unidade*, Tese de Licenciatura inédita, Universidade de Santiago de Compostela.
- (en prensa): “A autorrepresentación onomástica na obra de Álvaro Cunqueiro”, actas do Congreso Internacional de Onomástica Galega *Frei Martín Sarmiento*, organizado polo Instituto da Lingua Galega, Asociación Galega de Onomástica e Real Academia Galega, celebrado en Santiago de Compostela os días 2, 3 e 4 de setembro de 2002.
- Raimunde Noreña, R. (1993): “Mondonhedo em Cunqueiro”, *Actas do III Congreso Internacional da Lingua Galego Portuguesa na Galiza*, A Corunha, Agal, pp. 507-520.
- Risco, A. / Soldevila, A. (1989); “Entrevista con Álvaro Cunqueiro”, *Boletín Galego de Literatura* 2, pp. 107-119.
- Tarrío Varela, A. (1989): *Álvaro Cunqueiro ou os disfraces da melancolía*, Vigo, Galaxia.
- (1994): *Literatura Galega. Aportacións a unha historia crítica*, Vigo, Edicións Xerais de Galicia.
- Varela, X. (1993): “Álvaro Cunqueiro, experimentador nos dominios gramaticais”, en *Congreso Álvaro Cunqueiro*, Santiago de Compostela: Xunta de Galicia, pp. 61-70.